

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

ORDE do 20 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas económicas dirixidas ás persoas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos para o ano 2026, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS215A).

O artigo 148.1.20 da Constitución española establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias, entre outras, en materia de asistencia social. Ao abeiro do devandito precepto, o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de servizos sociais a persoas con dependencia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, reflicte no artigo 4.h) a autonomía persoal e vida independente como un dos principios xerais dos servizos sociais, establecendo a obriga dos poderes públicos de facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convenientes e os apoios necesarios para o desenvolvemento dos seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen.

No marco do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no dito ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, entre elas a atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Concretamente, a antedita consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, correspóndelle, entre outras, a función de ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial.

A Consellería de Política Social e Igualdade é consciente das especiais necesidades de atención e apoio que precisan as persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos, unha enfermidade neurodexenerativa que deriva nunha gran dependencia. Así promove a través desta orde de convocatoria a concesión de axudas económicas coa finalidade de prestar apoio ás necesidades que van xurdindo na evolución da referida enfermidade e reforzar a cobertura existente na actualidade a través do Sistema

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



para a autonomía e atención á dependencia tendo en conta a obriga dos poderes públicos de ofrecer recursos de apoio á atención das persoas dependentes na etapa final do seu proceso vital.

A cobertura das necesidades que van xurdindo na evolución da enfermidade da esclerosis lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos fomentárase coa presente convocatoria pública de concesión de axudas económicas, a través dun procedemento baixo réxime de concorrencia non competitiva.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas destinadas ás persoas con diagnóstico de esclerosis lateral amiotrófica (en diante, ELA) ou cos seus fenotipos, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

2. O código de procedemento administrativo é BS215A.

Artigo 2. *Procedemento de concesión*

1. O procedemento de concesión das axudas económicas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, concedéndose a todas aquelas persoas interesadas que reúnan os requisitos exixidos no artigo 4.



2. Se o orzamento previsto na orde non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data da súa presentación.

3. No momento en que se esgote o crédito orzamentario, a Consellería de Política Social e Igualdade acordará a inadmisión de novas solicitudes e publicará un anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da referida consellería, salvo que se produza un incremento de crédito de conformidade co disposto no artigo seguinte.

Artigo 3. *Financiamento*

1. Para o financiamento destas axudas destínase un crédito de 2.138.800,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 08.05.312D.480.0 e 08.05.312D.780.0 (código de proxecto 2023 000138) da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, segundo a seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Importe
08.05.312D.480.0	1.018.500,00 €
08.05.312D.780.0	1.120.300,00 €

2. De producirse remanente de crédito nunha das referidas aplicacións orzamentarias no marco do mesmo programa, procederase á reasignación das contías sobrantes, que se destinarán á aplicación orzamentaria á que se imputan os gastos a subvencionar nesta convocatoria, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

3. De conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepcionalmente, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o incremento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo ou dunha transferencia de crédito por ser o procedemento de concesión da subvención é o previsto no artigo 19.2 da dita lei.

4. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, de ser o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.



Artigo 4. *Persoas beneficiarias das axudas económicas*

1. Poderán solicitar as axudas económicas as persoas físicas vivas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da súa solicitude:

- a) Ter cumpridos os 18 anos.
- b) Estar empadroadado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima de 6 meses con anterioridade á presente convocatoria das axudas.
- c) Estar diagnosticadas da enfermidade da ELA ou calquera dos seus fenotipos.
- d) Ter recoñecida a situación de dependencia ou ter solicitado o seu recoñecemento con anterioridade á presentación da solicitude.

2. Ademais, as persoas interesadas teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 5. *Gastos subvencionables e contía da axuda*

1. Serán subvencionables os seguintes gastos de investimento, no caso de non estaren cubertos polo Sistema público de saúde ou mutualidade correspondente:

a) Adquisición de produtos de apoio necesarios por mor da ELA ou dos seus fenotipos destinados, segundo a clasificación da NORMA ISO 9999:2022, a:

1º. Tratamento médico personalizado que inclúe, entre outros, produtos destinados a mellorar, controlar ou manter a condición médica da persoa con ELA ou dos seus fenotipos tales como equipos de inhalación, humificadores, tensiómetros, pulsíómetros, dosificadores dispensadores e trituradores de medicamentos, produtos de apoio para prever as úlceras por presión como os coxíns antiescaras, de aire, órteses.

Exclúense produtos de apoio usados exclusivamente por profesionais sanitarios, así como medicamentos.

2º. Adestramento e aprendizaxe de capacidades que inclúe dispositivos destinados a mellorar as capacidades físicas, mentais e sociais para persoas con ELA ou dos seus fenotipos como exercitadores de pernas e brazos, pedalier activo ou pasivos, exercitadores de dedos, exercitadores respiratorios/incentivadores.



3º. Mobilidade persoal que inclúe produtos de apoio para camiñar, transferir, xirar e elevar coma andadores, bastóns, táboas de transferencias, bipedestadores, guindastre, arnés, sofás elevadores, accesorios para cadeiras de rodas, sistemas de dirección e control para cadeira de rodas, sistemas de propulsión para cadeiras de rodas, patinetes, triciclos, entre outros.

4º. Aseo, coidado e protección persoal que inclúe produtos de apoio aptos para persoas con ELA ou dos seus fenotipos para vestirse e espirse, para a protección corporal, para a hixiene persoal e coidado de traqueotomías, ostomías e incontinencia, coma abotoadores, tiradores para cremalleiras, perchas de apoio para vestirse, calzadores, almofadiñas e outros accesorios para prever contusións ou lesións na pel nas axudas para camiñar, medias antiedema, cremas destinadas ao tratamento de úlceras por presión, cremas destinadas ao tratamento/mellora de afeccións derivadas do uso de absorbentes, esponxas xabonosas, empapadores e absorbentes, soportes para baño ou/e ducha, alzas, pinzas, cepillos eléctricos, produtos adaptados para lavar e peitear o cabelo, capas e ponchos exteriores, roupa adaptada, produtos de apoio para flotar, alfombras antiesvaradías.

Non se subvencionarán produtos ordinarios de hixiene que non sexan susceptibles de seren considerados produtos de apoio destinados a persoas con ELA ou dos seus fenotipos como xampús, xeles, pasta dental, cremas faciais e hidratantes.

5º. Actividades domésticas que inclúe, entre outros, produtos para comer e beber coma vaixelas e cubertarías adaptadas, produtos para a preparación de alimentos coma táboas, balanzas con voz, tesoiras con apertura automática, produtos de apoio para a limpeza do fogar como aspiradores automáticos, recolletores adaptados, escurredores automáticos, abretapóns.

6º. Mobiliario e pequenas adaptacións para vivendas que inclúe produtos que permiten que as persoas con ELA ou dos seus fenotipos alcancen un maior grao de comodidade, funcionalidade, facilidades de desprazamento e realización de actividades dentro da súa vivenda coma mesas e cadeiras regulables, camas articuladas, respaldos posturais, pasamáns, barras de apoio, dispositivos para a apertura e peche de ventás, portas e cortinas, sistemas para a mellora da climatización que non impliquen a realización de obras de reforma, entre outros.

7º. Comunicación e información que inclúe produtos de apoio para axudar as persoas a recibir, enviar, producir e procesar información en diferentes formatos coma dispositivos para ver, oír, ler, escribir, telefonar, sinalizar e alertar e tecnoloxía da información, entre outros, dispositivos de alarma de emerxencia persoal, sistemas de control e localización,



timbres, avisadores, infravermellos para o control da televisión e outros dispositivos, software para comunicación.

8º. Manipulación de obxectos e dispositivos que inclúe produtos que faciliten todo tipo de accións que poidan necesitar a persoas con ELA ou con calquera dos seus fenotipos para manipular obxectos: tomar, mover, deter ou relocalizar coma pulsadores, asas para envases, pinzas, mangos, soportes para papel, soportes para pulsadores, joystick para teclados numéricos.

9º. Lecer e recreación que inclúe dispositivos que favorezan a participación nas actividades de ocio e tempo libre, deportes, tales como cadeiras anfíbias, guindastre de piscina, triciclos asistidos, pasapáxinas, carros para correr, entre outros.

Para ser subvencionables os produtos de apoio deberán ser axeitados á situación de dependencia da persoa beneficiaria, necesarios e destinarse ás persoas que sofren ELA ou calquera dos seus fenotipos.

b) Adaptación funcional da vivenda habitual e a súa contorna no caso de non estar incluídos na letra anterior. Serán subvencionables as obras de reforma da vivenda necesarias para a mellora da accesibilidade, modificacións ou adecuación de espazos, instalacións e equipamentos que rodean a persoa beneficiaria co obxecto de facilitar ou habilitar a realización das actividades da vida diaria no fogar de maneira máis segura, sinxela e independente. Inclúese a adaptación do interior da vivenda, dos accesos a esta e as zonas de uso común comunitario no caso de habelas e a mellora e avaliación do ambiente/contorno.

En particular serán subvencionables, a instalación de ascensores, salvaescaleiras, rampas, automatismos para a apertura de portas incorporando mecanismos motorizados ou outros dispositivos de accesibilidade, a instalación de produtos de apoio tales como guindastres ou artefactos análogos, así como sistemas tecnolóxicos de guiado que permitan a localización, as instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior tales como videoporteiros que proporcionan información visual e auditiva e análogos, sistemas antiesvaradíos, instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal das persoas con ELA ou calquera dos seus fenotipos, así como as intervencións necesarias para garantir e/ou mellorar a accesibilidade da vivenda.

Non se considerarán subvencionables obras de reforma da vivenda meramente estéticas nin destinadas a fins distintos dos recollidos nesta letra.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



c) Adquisición de vehículo de motor adaptado ou adaptación deste.

O vehículo poderá ser de segunda man, sempre que estea en perfecto estado de uso e conste unha declaración de quen os vende sobre a orixe do ben, que este non foi obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e que o prezo non sexa superior ao valor de mercado ou ao custo de bens novos similares, acreditándose estes requisitos do prezo mediante certificación de taxación independente.

2. Serán subvencionables os seguintes gastos correntes, no caso de non estaren cubertos polo Sistema público de saúde ou mutualidade correspondente:

a) Servizos asistenciais complementarios ás prestacións da Seguridade Social ou mutualidades de previsión social prestados á persoa beneficiaria por profesionais habilitados:

1º. Fisioterapia manual e respiratoria.

2º. Rehabilitación física.

3º. Terapia ocupacional.

4º. Logopedia.

5º. Psicoloxía.

6º. Neurorrehabilitación.

7º. Servizos de asistencia persoal/coidador profesional, servizo de axuda no fogar, servizo de atención diúrna e atención residencial sempre que sexan de carácter privado.

Non se admitirán como gastos subvencionables servizos distintos dos recollidos nesta letra.

b) Transporte para a asistencia aos servizos referenciados na letra a) deste número e a centros asistenciais.

3. Non serán subvencionables:

a) Os produtos de apoio incluídos no Catálogo xeral ortoprotésico da consellería competente en materia de saúde pública incluído na Orde do 28 de maio de 2013 pola que se



regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia, financiados polo Servizo Galego de Saúde.

b) A participación económica das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos do sistema da promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia derivada do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

c) Medicamentos, gastos de farmacia e parafarmacia que non poidan ser considerados produtos de apoio nos termos previstos no artigo 5.1.

d) Os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, os gastos de procedementos xudiciais, os impostos e/ou taxas derivadas da obtención de licenzas municipais.

e) Cotas de ximnasio.

4. Non se concederá a axuda para o transporte no caso de que a persoa beneficiaria sexa usuaria de praza de atención residencial ou de centro de atención diúrna e xa conte con servizo de transporte subvencionado.

5. Os gastos deberán estar realizados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026 e estar efectivamente pagados pola persoa beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido no artigo 16.

6. Non se admitirán como gastos subvencionables os pagados por terceiros.

No caso de falecemento da persoa beneficiaria con posterioridade á resolución de concesión, só se considerarán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao falecemento da dita persoa beneficiaria.

7. A axuda consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 12.000 € por persoa beneficiaria.

Para tal efecto, as persoas interesadas indicarán no anexo I as contías e destino das axudas solicitadas.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



Unha vez resolta a concesión non se admitirán cambios respecto das categorías das axudas concedidas, polo que non serán subvencionables as desviacións producidas nestas.

A contía de axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación establecida no artigo 17.

Artigo 6. *Compatibilidade da axuda*

1. A obtención desta axuda é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados nacionais, da UE ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o seu importe poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o importe do gasto subvencionado.

2. En todo caso, a obtención desta axuda é incompatible:

a) Coas axudas técnicas e produtos de apoio incluídos no Catálogo xeral ortoprotésico da consellería competente en materia de saúde pública financiados polo Servizo Galego de Saúde.

b) Coas axudas para o transporte no caso de ser persoa usuaria de centro de atención diúrna ou residencial e o centro conte con servizo de transporte subvencionado.

Artigo 7. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderase presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao quinto día hábil seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 3 de novembro de 2026.



Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil, segundo o artigo 30.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A presentación da solicitude supón a aceptación das obrigas reguladas nesta orde para ser beneficiaria da axuda, así como a aceptación da axuda.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación, de ser o caso. A representación poderá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>

b) Certificado ou informe médico oficial acreditativo de estar diagnosticado/a coa enfermidade da ELA ou calquera dos seus fenotipos.

c) No caso de solicitar axudas para a adaptación da vivenda, memoria descritiva das adaptacións que se van realizar e xustificación da súa necesidade.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideron obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante.
- d) Consulta do grao e nivel de dependencia.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- h) Consulta de Inhabilitacións vixentes para obter subvencións do solicitante rexistradas na Base de datos nacional de subvencións no período solicitado.
- i) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas solicitantes a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Emenda das solicitudes*

Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o órgano instructor requirirá a persoa solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se esta non atende ao requirimento efectuado, considerarase desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución, que será ditada nos termos do seu artigo 12.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Instrución e resolución*

1. O órgano instructor do procedemento será a Subdirección Xeral con competencias nas áreas de atención sociosanitaria e innovación asistencial quen elevará a súa proposta de resolución ao órgano competente para resolver, en aplicación do procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no relativo ao artigo 31.4, o órgano competente para tramitar o procedemento comezará a instrución do procedemento seguindo a orde de presentación das solicitudes, de acordo co disposto no



artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e emitirá proposta de resolución de concesión das axudas en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano instrutor realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderá requirir á persoa solicitante que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

En todo caso non se admitirán a trámite, dítase resolución de inadmisión e arquivaranse as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

3. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral con competencias nas áreas de Maiores e Atención Socio sanitaria, por delegación da conselleira de Política Social e Igualdade e logo da fiscalización da Intervención, a competencia para a concesión das axudas económicas mediante a correspondente resolución. A resolución será notificada de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo máximo dun mes contado desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para tramitar.

As axudas concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, por ser un dos supostos de excepción contidos no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se dítase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos derivadas da presente orde, practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, practícarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produce o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación se que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Réxime de recursos*

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación se esta for expresa. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Malia o anterior, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se esta for expresa. Se non o for, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, as persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.



b) Con carácter previo á concesión e ao pagamento da axuda, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

e) Comunicarlle ao órgano convocante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

f) Reintegrar, total o ou parcialmente, o importe da axuda no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión e das demais obrigas contidas nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa que sexa de aplicación. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 16. *Período subvencionable e prazo de xustificación da axuda*

1. O período da actividade subvencionable será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026.

2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados durante o período establecido no número anterior e efectivamente pagados pola persoa beneficiaria con anterioridade ao remate da data de finalización do período de xustificación establecido no número seguinte.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iw2lv08ktj2



3. A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 4 de decembro de 2026.

Artigo 17. Xustificación da axuda

1. As solicitudes do pagamento deberán ser efectuadas pola persoa beneficiaria de acordo co previsto no artigo 11 e con anterioridade a que remate as datas límite a que se refire o artigo 16, mediante a presentación do anexo II.

2. Xunto coa solicitude de pagamento final (anexo II), a persoa beneficiaria debe presentar unha relación clasificada dos gastos, con identificador da persoa acreedora e documento, importe e data de emisión e de pagamento, así como a seguinte documentación:

a) No caso de gastos de investimento:

1º. No caso de adquisición de produtos de apoio do artigo 5.1.a):

1º.1. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.

1º.2. Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.

Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción do/da provedor/a asinado sobre a factura con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2º. No caso de gastos de adaptación da vivenda do artigo 5.1.b):

2º.1. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.

2º.2. Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.

Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción do/da provedor/a asinado sobre a factura con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2º.3. Xustificación da propiedade da vivenda coa copia da escritura notarial de propiedade ou calquera outro medio válido en dereito ou xustificación do seu uso coa copia do contrato de arrendamento e autorización da persoa propietaria do inmovible para facer as obras de adaptación.

No caso de que a vivenda pertenza ao cónxuxe ou parella de feito ou familiar da persoa beneficiaria das axudas, ademais de acreditar o título sobre a vivenda, deberase acreditar convivencia da persoa beneficiaria no domicilio e achegar autorización da persoa propietaria do inmovible para facer as obras de adaptación.

2º.4. Memoria descritiva e fotográfica da adaptación realizada.

3º. No caso de adquisición de vehículo de motor adaptado ou adaptación de vehículo de motor:

3º.1. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.

3º.2. Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas presentadas.

Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción do/da provedor/a asinado sobre a factura con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3º.3. Xustificante do permiso de circulación do vehículo.

3º.4. Declaración responsable da afectación do vehículo, que se atopa ao seu nome e é utilizado para o seu uso exclusivo, nos termos previstos no anexo II.

3º.5. No caso de adquisición de vehículo de motor adaptado entre particulares deberá achegarse adicionalmente copia do contrato de compravenda, xustificante da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais, declaración responsable do vendedor relativa á orixe do vehículo e que non foi obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria e certificación de taxación independente sobre o valor de mercado do vehículo.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



b) No caso de gastos correntes:

1º No caso de servizos asistenciais complementarios do artigo 5.2.a):

1º.1. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.

1º.2. Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.

Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción do/da provedor/a asinado sobre a factura con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que a persoa beneficiaria das axudas contrate directamente o coidador profesional/asistente persoal, deberá achegar: copias do contrato de traballo, nóminas da persoa traballadora e comprobantes bancarios do pagamento destas, así como dos gastos derivados da cotización da Seguridade Social.

2º. No caso de transporte para a asistencia a tratamentos e centros asistenciais do artigo 5.2.b):

2º.1. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.

2º.2. Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas presentadas.

Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción do/da provedor/a asinado sobre a factura con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2º.3. Declaración responsable de asistencia polo período que se concede a axuda, asinada pola dirección do centro ou servizo asistencial a onde acuda a persoa beneficiaria.

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwj2lv08ktj2



3. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

En todo caso, as facturas deberán ter unha explicación detallada do gasto en relación coa acción subvencionada, así como o prezo unitario, conterán os datos identificativos de quen a expide (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e enderezo), así como do/da destinatario/a, que deberá ser a persoa beneficiaria das axudas e Incluirán o IVE correspondente ou o imposto equivalente.

4. No caso de falecemento da persoa beneficiaria, posterior á presentación da solicitude e previa á xustificación da axuda, deberase por en coñecemento do órgano tramitador das axudas. Neste caso, quen teña a representación da persoa beneficiaria deberá remitir a documentación xustificativa recollida neste artigo acompañada de:

a) Certificado de defunción da persoa beneficiaria.

b) Declaración responsable debidamente asinada polas/os herdeiras/os en que manifesten que coñecen a existencia do procedemento, o importe concedido das axudas e en que prestan consentimento para o pagamento tras a verificación da documentación xustificativa aportada. Igualmente, indicarán a persoa que actuará en representación das/dos herdeiras/os.

5. No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, dará lugar a perda do dereito e, tras a resolución, procederase á revogación da axuda e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos intereses de demora.

Artigo 18. *Pagamento da axuda*

1. No caso de gastos de investimento previstos no número 1 do artigo 5, as persoas beneficiarias poderán solicitar un pagamento de ata o 50 % da cantidade da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado, con anterioridade á xustificación da axuda, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión.

2. No caso de gastos correntes previstos no número 2 do artigo 5, as persoas beneficiarias poderán solicitar un pagamento de ata o 80 % da cantidade da subvención concedida



en concepto de pagamento anticipado, con anterioridade á xustificación da axuda, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión.

3. O importe restante que corresponda para completar o pagamento realizarase tras a xustificación definitiva da subvención logo de solicitude da persoa beneficiaria (anexo II).

4. De conformidade co establecido no artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias das axudas quedan exentas de constitución de garantía.

Artigo 19. *Reintegro das axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das obrigas previstas no artigo 15, e concretamente:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no establecido nesta orde.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.

d) Incumprimento das condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nesta orde.

2. Procederá o reintegro do 5 % da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar, con carácter voluntario, a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.



Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES8220800300873110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 20. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 21. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento; ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. As axudas concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, por ser un dos supostos de excepción contidos no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 23. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no enderezo <https://sede.xunta.gal>, na Dirección Xeral de Maio-



res e Atención Sociosanitaria –Servizo de Calidade, Humanización e Xestión da Información– e a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou do teléfono 012.

Disposición adicional primeira. *Base de datos nacional de subvencións*

A consellería transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral con competencias nas áreas de Maiores e Atención Sociosanitaria para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigacións e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para ditar instrucións*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral con competencias nas áreas de Maiores e Atención Sociosanitaria para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria, as cales serán obxecto de publicación no portal de Benestar.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2026

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DIRIXIDAS A PERSOAS CON ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA OU DOS SEUS FENOTIPOS	BS215A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADEANEXO I
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

AXUDAS SOLICITADAS

AXUDAS PARA GASTOS DE INVESTIMENTO	MARQUE AS OPCIÓNS QUE CORRESPONDAN	IMPORTE SOLICITADO
Adquisición de produtos de apoio recollidos no artigo 5.1 letra a) da orde de convocatoria.	☐	
Adaptación da vivenda segundo o artigo 5.1 letra b) da orde de convocatoria.	☐	
Adquisición de vehículo adaptado ou adaptación de vehículo de motor de acordo co artigo 5.1 letra c) da orde de convocatoria.	☐	
AXUDAS PARA GASTOS CORRENTES	MARQUE AS OPCIÓNS QUE CORRESPONDAN	IMPORTE SOLICITADO
Servizos asistenciais complementarios do artigo 5.2 letra a) da orde de convocatoria.	☐	
Transporte para a asistencia a tratamentos e centros asistenciais do artigo 5.2 letra b) da orde de convocatoria.	☐	

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que ten recoñecida a situación de dependencia ou que a ten solicitado.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ No caso de solicitar axudas para a adaptación da vivenda, memoria descritiva das adaptacións que se van realizar e xustificación da súa necesidade.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documentación acreditativa da representación, de ser o caso.			
☐ Certificado ou informe médico oficial acreditativo de estar diagnosticado/a coa enfermidade da ELA ou calquera dos seus fenotipos.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante	☐
Consulta do grao e nivel de dependencia	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Consulta de inhabilitacións vixentes para obter subvencións do solicitante rexistradas na Base de datos nacional de subvencións no período solicitado	☐
Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 20 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas económicas dirixidas ás persoas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos para o ano 2026, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS215A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xacobeo  2027

Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

CVE-DOG: a0n2dw83-6te9-caw3-3co2-iwjl2lv08ktj2



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO II

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN DA AXUDA

BS215A – AXUDAS DIRIXIDAS A PERSOAS CON ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA OU DOS SEUS FENOTIPOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

	IBAN	
----------------------	------	----------------------

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, con relación á adquisición de vehículo de motor adaptado ou adaptación de vehículo de motor:

- ☐ O vehículo indicado atópase ao seu nome e é utilizado para o seu transporte persoal e uso privado

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

EN TODOS OS CASOS

- ☐ Relación clasificada dos gastos, con identificador do acredor e documento, importe e data de emisión e de pagamento.

GASTOS DE INVESTIMENTO

No caso de adquisición de produtos de apoio do artigo 5.1.a)

- ☐ Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.

No caso de gastos de adaptación da vivenda do artigo 5.1.b)

- ☐ Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.
- ☐ Xustificación da propiedade da vivenda coa copia da escritura notarial de propiedade ou calquera outro medio válido en dereito ou xustificación do seu uso coa copia do contrato de arrendamento e autorización da persoa propietaria do inmoble para facer as obras de adaptación.
- ☐ Documentación acreditativa da convivencia da persoa beneficiaria no domicilio e autorización da persoa propietaria do inmoble para facer as obras de adaptación, no caso de que a vivenda pertenza ao cónxuxe ou parella de feito ou familiar da persoa beneficiaria das axudas.
- ☐ Memoria descritiva da adaptación realizada.

No caso de adquisición de vehículo adaptado ou adaptación do vehículo a motor

- ☐ Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.
- ☐ Xustificante do permiso de circulación do vehículo.
- ☐ No caso de adquisición de vehículo de motor adaptado entre particulares: copia do contrato de compraventa, xustificante da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais, declaración responsable do vendedor relativa á orixe do vehículo e que non foi obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria e certificación de taxación independente sobre o valor de mercado do vehículo.

GASTOS CORRENTES

No caso de servizos asistenciais complementarios do artigo 5.2.a)

- ☐ Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.
- ☐ Copias do contrato de traballo, das nóminas da persoa traballadora e comprobantes bancarios do pagamento destas, así como dos gastos derivados da cotización da Seguridade Social, no caso de que a persoa beneficiaria das axudas contrate directamente ao coidador profesional/asistente persoal.

No caso de transporte para a asistencia a tratamentos en centros asistenciais do artigo 5.2.b)

- ☐ Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento pola persoa beneficiaria das facturas achegadas.
- ☐ Declaración responsable de asistencia polo período que se concede a axuda, asinada pola dirección do centro ou servizo asistencial a onde acuda a persoa beneficiaria, no caso de transporte para a asistencia a tratamentos e centros asistenciais.

NO CASO DE FALLECEMENTO DA PERSOA BENEFICIARIA

- ☐ Certificado de defunción da persoa beneficiaria.
- ☐ Declaración responsable debidamente asinada polos/as herdeiros/as en que manifesten que coñecen a existencia do procedemento, o importe concedido das axudas e en que prestan consentimento para o pagamento tras a verificación da documentación xustificativa achegada. Igualmente, indicarán a persoa que actuará en representación dos/das herdeiros/as.



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á CONSULTA

Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social

☐

Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma

☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A CONSULTA

Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria

☐ Si ☐ Non

SOLICITA:

- ☐ O pagamento anticipado do % da cantidade da subvención para gastos de investimento do artigo 5.1 da orde.
- ☐ O pagamento anticipado do % da cantidade da subvención para gastos correntes do artigo 5.2 da orde.
- ☐ O pagamento final da axuda concedida para gastos de investimento e/ou gastos correntes.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.

Finalidades do tratamento Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.

Lexitimación para o tratamento O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Destinatarias dos datos As administracións públicas no exercicio das súas competencias.

Exercicio de dereitos As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (<https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>).

Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información (<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Xacobeo  2027

Dirección Xeral de Maiores e Atención Socioasistencial

